

# BULULEO



REVISTA INDEPENDENTE LITERARIA DA REPÚBLICA DE BULULÚ  
NÚMERO 4 - MAIO ❀ XUÑO

Entrevista a José Pardo 2

Diarios zombi: Vacapocalipse 3

Premio Frei Martín Sarmiento 5

Dicen de nosotros 6

Rubén Pereiro:  
As marcas e a axitación 7

Feria del Libro de Madrid 8

Novedades 9

Club de lectura 10

La librería recomienda 11





# JOSÉ PARDO

Antes de que nin sequera se soñase coa editorial Bululú, un libro fotográfico foi o campo onde os fundadores desta editorial iniciaron a súa experiencia como editores. Foi en 2010, da man de *A Magdalena vista por José Pardo*, un libro de gran formato sobre este barrio de Ferrol que se publicou no selo Zaera Silvar. Un ensaio fotográfico dun reporteiro de prensa (José Pardo, Ferrol, novembro 1969) que aporta un xeito moi persoal de mirar a súa cidade, o seu barrio, o seu hábitat diario, evitando a mirada de reporteiro local e tentando volcar optimismo sobre o futuro, apoiándose nas súas xentes, a súa historia, a súa arquitectura...

Hoxe, Bululú propúxolle a este protofundador da editorial poñer de novo o seu obxectivo sobre a súa cidade e a súa contorna cun motivo común (os guindastres como símbolo do peso da actividade industrial) que vertebra a través de doce imaxes para doce postais e que, xunto con textos breves de profesionais destacados da urbe departamental, conformarán un libro singular, testemuña dunha comarca que loita por renacer e cargado de mensaxes para todo o mundo.

Cando un leva tantos anos na fotografía como profesional (é dicir, unha persoa que gaña o seu salario sacando fotos), como se acomete un proxecto tan marcadamente artístico?

Despois de trinta anos traballando como fotógrafo en Ferrol non é doado atopar inspiración sempre, pero o cariño pola miña cidade e o meu traballo anímame a seguir buscando novas vistas. É un proxecto diferente ao meu traballo diario en *La Voz de Galicia* e iso obrígame a buscar novos xeitos que se saian da foto informativa que o xornal require.

Se falamos de fotografía artística, talvez de xeito inconsciente, pensamos en b/n. Por que sempre as fotos a cor? Non che gusta o b/n?

A fotografía artística non é algo que considere moi marcado na miña obra e claro que gusto do b/n, pero non o vexo necesario nas miñas fotos.

Un libro de postais sobre Ferrol, xa tiñas clara a liña que seguirían as fotografías ou o concepto foise formando a medida que preparabas a

selección? Estás satisfeito coa visión que das da cidade?

Toco un elemento moi presente na miña cidade, o dos guindastres que aparecen por todas partes. Gústame xogar con un motivo que se repita en todas as fotos e procuro amosar a cidade a través deles.

Como foi o proceso de buscar os textos que acompañan as imaxes? Seguíches un único método ou foi distinto, en función da persoa coa que contactaches? Como escolliches esas persoas?

Busquei persoas próximas das que sei do seu agarimo e apego á cidade. Unhas que residen en Ferrol e outras que viven fóra.

Deixemos un pouco de lado o proxecto e falemos algo máis de ti, quen é José Pardo?

Un fotógrafo de prensa por vocación ao que lle gusta ilusionarse con proxectos diferentes coma este.

Cando comezaches a sacar fotos, cales foron os teus referentes? Que tipo de fotógrafo querías ser?

Busquei referentes na prensa cercana e sempre me propuxen que as miñas fotos contasen historias.

Estás máis a gusto con algún estilo en concreto ou «lle pegas a todo»?

Principalmente o fotoperiodismo ou a fotografía documental.

Cal sería (e de que trataría) o libro de fotografía que realmente che gustaría facer?

Realicei varios libros sobre a miña cidade, incluído este, sempre sobre algún tema en concreto. Supoño que algún día debo enfrentarme a un libro grande sobre Ferrol ao completo.


Algún proxecto «artístico» máis no horizonte a curto/medio prazo?

Algunha exposición e posible reedición de outro libro, pero agora mesmo o máis importante é este e o fotoperiodismo diario.



Foto de Kiko Delgado

# DIARIOS ZOMBI: VACAPOCALIPSE



Comezamos unha nova serie infantil-xuvenil que temos a completa seguridade de que **conquistará a toda a rapazada que gusta de vivir aventuras** cun sorriso de orella a orella mentres esquivan babas e lambetadas de vacas zombi.

Das mentes creativas de dous guionistas australianos de series de TV, Guy Edmonds e Matt Zeresmes, e co acompañamento perfecto dos debuxos de Jake A. Minton, o primeiro volume da serie ten no seu título orixinal toda unha declaración de intencións: *Apocalipsis Cow*. Referencias tolas, moi tolas, ás películas de acción clásicas, que serven de detonante para a imaxinación de Jimmy, un dos protagonistas e escritor do diario que dá forma a esta historia e que soña con ser guionista de cine algún día.

Pero non só de babas, espaguetes, peidos e adultos que se convierten en vacas está cheo este libro; o máis importante desta aventura é o equipo de adolescentes que traballan xuntos para sobrevivir e atopar un antídoto que devolva a normalidade á súa vila. **Inclusión, igualdade, amizade, traballo en equipo...** son os mellores valores para sobrevivir a calquera apocalipse.

Unha serie de éxito internacional que vendeu os seus dereitos ás mellores editoriais do mundo e que Bululú conseguiu que a poida gozar toda a rapazada en galego.

A que agardades? O primeiro título desta serie postapocalíptica xa está en todas as librarías!





Ola! Son Jimmy e estou vivindo unha **APOCALIPSE ZOMBI** totalmente estraña!

Todos os adultos da miña cidade de Vilacú convertéronse en zombis, pero non os zombis carnívoros como os que ves nas películas devorando cerebros. Estes zombis son **VACAS!** Literalmente! Todo o mundo anda bruando e babando por aí adiante sen control ningún! E se a súa baba chega a ti... Non queiras nin imaxinar o que é vivir coma a protagonista dun Tetra Brik de leite!

Tolo, eh? Afortunadamente, os meus amigos e mais eu temos un plan para atopar unha cura...



# DIFERENTES DIFERENZAS GAÑA O FREI MARTÍN SARMIENTO 2023 NA CATEGORÍA DE INFANTIL

De acordo coa propia web do Premio Frei Martín Sarmiento:

«O premio Frei Martín Sarmiento naceu no ano 2003 co obxectivo fundamental de fomentar a lectura do libro en galego entre o alumnado pertencente á rede de Escolas Católicaas.

Este galardón, que leva o nome dun grande ilustrado do século XVIII amante da lingua, da cultura e do noso país, é un dos máis queridos para a nosa federación. Cada ano, un grupo de profesores le as novidades publicadas polas distintas editoriais ao longo do curso. Desde este proceso saen os finalistas nas seis categorías: Infantil; 1ª categoría: 1º e 2º de Primaria; 2ª categoría: 3º e 4º de Primaria; 3ª categoría: 5º e 6º de Primaria; 4ª categoría: 1º e 2º ESO; 5ª categoría: 3º e 4º ESO; 6ª categoría: Bach. e adultos.


Posteriormente, ao redor de 3 000 alumnos/as participan nas lecturas dos libros finalistas e, tras as súas valoracións, coñecemos quen é o autor/a gañador de cada ano. Para valorar as obras, remitimos aos colexios unha ficha coas categorías e o alumnado só ten que ter en conta un criterio: "Que libro che gusta máis?". Deben puntualo de 1 a 5.

A obra que obteña máis puntuación, será a gañadora».

Como podedes ver, é o propio alumnado quen escolle o libro gañador. Pode haber algo máis «real» para a valoración dun libro? Nós pensamos que non, que nada iguala a ilusión de que *Diferentes Diferenzas* fose escollido como gañador na categoría de Infantil pola rapazada para a que foi creado, non hai un xurado máis independente e imparcial.

O certo é que é un libro redondo. Os textos de Silvia Penide, de marcado carácter inclusivo, avogan pola importancia das diferenzas, destacando que todas as persoas sumamos, sen importar como sexamos, para construír unha sociedade plural, diversa e rica. E que dicir das ilustracións de Emilio Urberuaga... o estilo deste Premio Nacional de Ilustración é inconfundible, construído sobre unha base totalmente artesanal e cunha paleta de cores vivas e brillantes, cheo de detalles e matices ocultos que enriquecen todos e cada un dos recantos das súas páxinas.

O venres 12 de maio foi a entrega dos premios e Silvia recolleu o galardón no seu propio nome e no de Emilio. Parabéns a ambos!





O autor ourensán culmina un proxecto persoal que trascende case todos os límites e que reúne toda a fascinación dunha vida ao redor duns animais que aínda hoxe, con todos os avances da ciencia, manteñen un status especial no imaxinario humano. Un libro para recrearse, sen apuro e sen compás, para compartir co escritor ese misterio.

Bios Bardia



Fernández Naval vén de publicar un dos libros máis importantes deste ano e polo que non temos dúbida que será lembrado.

Revista AÍ



Un relato de sensibilidade e profunda sabiduría que transmite seguridade e cariño hacia cada uno de seus lectores.

Va de Cuentos



Una invitación a conocer las funciones de las máscaras en distintas geografías y épocas, a divertirnos creando nuestras propias máscaras y jugando a convertimos en distintos personajes, y, sobre todo, a ser quienes somos y deseamos ser, sin necesidad de ocultarnos detrás de una máscara.

Fundación Cuatrogatos

# RUBÉN PEREIRO



## AS MARCAS E A AXITACIÓN

Acostumo a dicir nas presentacións nas que me convidan a participar que un país sen cultura é só un cacho de terra. A bo seguro que non me podo atribuír a autoría de desta cita; houbo un chispazo en algures e chegoume –con boa fe– para facer unha homenaxe ao autor do momento. Pero xa que estamos ben pode ser compartida contigo, lector, libreiro, editor ou amigo que recibe esta revista dixital.

A volta da pandemia foi un golpe ben duro para as chamadas industrias culturais e a maioría de axentes que son parte delas. Pode que aqueles adiantados que tivesen os seus comercios electrónicos a todo dar vivisen esa época con menos desacougo.

De todos estes anos no mundo da comunicación, das relacións públicas e dos eventos, sigo tendo claro a importancia das marcas, das persoas e do encontro entre o consumidor de cultura e o libreiro, o autor, o artista, e en definitiva, as marcas.

Falamos de marcas, como a que teño o orgullo de servir, pero tamén de pequenas cadeas, de librarías de barrio, de librarías independentes, bibliotecas, de editoriais grandes e pequenas. De xente como Bululú que lles trae este exemplar polo que está vostede a facer *scroll* e que teñen claro o que implica a edición e a distribución de libros: partindo do contido, pero coidando do deseño, achegando os autores aos lectores e desenvolvendo experiencias nas que se atopan todos os compoñentes que forman parte deste sector e que, como explicaba no comezo deste artigo, nos recordan que grazas a eles vostede, non importa onde se atope ou que linguas coñeza, pode

dar por seguro que non vive só nun cacho de terra baldío.

Este cambio de costumes que todos experimentamos estes últimos tres anos deixou moitos proxectos polo camiño, e complica moito máis unha labor que todas as marcas, grandes ou pequenas teñen que facer: coidar ao cliente e *fidelizar* aos máis novos.

A empresa non é fácil, as pantallas e outras industrias como a do videoxogo e o *streaming* en demanda de contidos teñen moita vantaxe neste novo escenario. Pero o bo facer de todos pode axudar a chegar a novos lectores e facer que perdone a boa literatura e todo o que a rodea.

Penso neste momento en todas as persoas que, coma min, fan da xestión cultural o seu oficio, cos sacrificios e os esforzos que supón acadar os obxectivos, ou en todos os *prescriptores* –ese termo tan *marquetiniano* mais tan apropiado– que levantan o enreixado cada mañá para vender e ofertar non só boas lecturas, tamén experiencias.

Penso por exemplo nas tolemias de Rob, Barry e Dick, eses camándulas que argallaban en *Alta fidelidade* de Nick Hornby novos métodos de venta –pouco recomendados– nesa tenda de discos perdida dun mundo que xa non coñecían, e penso, como non, no libreiro que sendo eu rapaz me falou por primeira vez desa novela, e de paso, cambiou a miña vida para sempre.

**Rubén Pereiro** é Responsable de Comunicación da Fnac en Galicia.

# ESTE AÑO VOLVEMOS A LA FERIA DEL LIBRO DE MADRID

Desde el 26 de mayo al 11 de junio nos vemos en la caseta 110 en el Parque del Retiro. Venid a conocer nuestro catálogo y a charlar con nuestros autores.



Ilustración de Javier Zabala para PEZ



## JAVIER ZABALA

Ilustrador de  
*Historias De Mentas*  
y *PEZ*

Sábado 3 de junio  
de 12:00 a 13:30



## EMILIO URBERUAGA

Autor de *PEZ* e  
ilustrador de *Diferentes*  
*Diferencias* y *¡Cuidado*  
*con la charca!*

Sábado 3 de junio  
de 12:00 a 13:30



## DAVID DE JUAN MARCOS

Autor de  
*Verano del 96*

Domingo 4 de junio  
de 11:30 a 12:30



## MARINA HDEZ. ÁVILA

Ilustradora de  
*San día sin humos*

Domingo 4 de junio  
de 12:30 a 13:30



## JOSEMI GARCÍA

Autor de  
*San día sin humos*

Domingo 4 de junio  
de 12:30 a 13:30



## BEATRIZ COUCE

Autora de  
*La vida en los bolsillos*

Sábado 10 de junio  
de 11:30 a 12:30



## VICENTE FERNÁNDEZ ALMAZÁN

Autor de *Ruido Naranja*

Sábado 10 de junio  
de 12:30 a 13:30



## PILAR SERRANO BURGOS

Autora de  
*Una maestra en apuros*

Domingo 11 de junio  
de 12:00 a 13:30



## NOVEDADES



### **RUIDO NARANJA**

VICENTE FERNÁNDEZ  
ALMAZÁN  
CAST

*Ruido naranja* explota entre nuestras manos con la fuerza de un meteorito anunciado por entregas en el horóscopo del periódico matinal, impregna nuestros dedos con el inconfundible aroma de la niñez cada vez que pasamos una de sus páginas y nos invita a buscar el reloj de Cronos en la resaca universal del Séptimo Día. Lo mundano y lo divino se acurruca juntos en este libro que nos arropa, nos acuna y, a veces, nos reprende.

### **VERANO DEL 96**

DAVID DE JUAN MARCOS  
CAST

Una historia hecha añicos, como las vidas rotas de sus protagonistas. Fragmentos de existencia que nos mostrarán cómo las ilusiones de sus infancias empiezan a empañarse en la adolescencia, solo para romperse en mil pedazos cuando llegan a adultos. Cada relato narrado por una voz diferente, que en ocasiones nos harán vivir la experiencias del grupo desde el punto de vista de cada uno de sus protagonistas y, en otras, presenciarlas desde aquellas personas y escenarios que se cruzaron en su camino.



## PRESENTACIONES

24/05 • 19:00 • Bululú Libros (A Coruña)

**A luz nos teus ollos**

24/05 • 19:00 • Librería La Mistral  
(Madrid)

**Ruido Naranja**

26/05 • 19:30 • Librería 80 Mundos  
(Alicante)

**Verano del 96**

30/05 • 19:30 • Librería Tanco  
(Ourense)

**Ser cetáceo**

2/06 • 19:00 • Fnac (Vigo)

**A luz nos teus ollos**

2/06 • 19:30 • Librería Víctor Jara  
(Salamanca)

**Verano del 96**

### **REIMAGINA NUESTRAS CUBIERTAS**

Diseña o dibuja a tu estilo la cubierta de cualquiera de nuestros libros y envíanosla a:  
[contacto.bululeo@editorialbululu.com](mailto:contacto.bululeo@editorialbululu.com)

¡Podrás aparecer en el próximo número de la revista!

## CLUB DE LECTURA

# BULULEO

Este año hemos consolidado nuestro Club de Lectura Bululeo. La implicación inestimable de Luisa, la bossa, y, por supuesto, las ganas de leer y compartir lecturas de las personas que forman este grupo maravilloso han sido sin duda un factor determinante. No vamos a decir que es el mejor club de lectura del mundo (porque suponemos que eso es lo que dicen todos los clubs de lectura de sí mismos), pero podemos presumir de que tenemos un ambiente inmejorable y que se ha terminado formando un colectivo variado, con opiniones diversas y diferentes visiones sobre las obras que consiguen enriquecer en gran medida la lectura individual.

Y no solo de leer vive el Club de Lectura Bululeo. También hemos compartido cafés, chocolate y bizcocho, hemos recibido las visitas de Arantza Portabales, Sibila Freijo, Bibiana Collado, Juan Soto Ivars... y hasta nos hemos conectado vía videoconferencia con Alemania para charlar con Cristina Araujo. Hemos vivido, sufrido y disfrutado con las páginas de *Deje su mensaje después de la señal*, *Mira a esa chica*, *Retrato de casada*... Y todavía nos queda recibir a Bibiana Collado, Beatriz Couce, María Oruña y Marta Jiménez Serrano antes de las vacaciones de verano.



Para el próximo curso queremos seguir creciendo y mejorando, organizando varios grupos con los que abarcar diferentes géneros y ofrecer, así, una oferta de lecturas para todos los gustos.

Ya sabéis, si os gusta leer y compartir vuestras experiencias lectoras, asistir a encuentros y charlas con las mentes creadoras de vuestros libros favoritos, no tenéis más que pasar por nuestra librería en c/Real 9 y preguntar por nuestro Club de Lectura. Animaos a compartir una tarde con nuestro grupo. No os arrepentiréis.

DEJE SU MENSAJE DESPUÉS DE LA SEÑAL

ARANTZA PORTABALES

ISBN: 978-84-264-0552-4

PVP 17,90 €



### RESEÑA DE FERNANDA


Cuatro protagonistas, cuatro mujeres de distinta edad, condición social, cultura... con un denominador común –la soledad– que en un momento inicial de sus vidas prefieren hablarle y contarle a un contestador automático porque las hace ser más sinceras, más libres sintiendo que ninguno de sus receptores las cuestionen al menos en ese momento, sin saber que entre ellas se está tejiendo una relación que irá más allá en el tiempo y que las unirá para siempre.

Maravilloso «pequeño gran libro», claro y directo, lleno de vida, sentimiento y emociones donde nos hace pensar con qué facilidad nos pueden pasar desapercibidas muchas veces el sufrimiento y el dolor de una persona si permanece en silencio.

**PUNTUACIÓN: ★★★★★**



# LA LIBRERA RECOMIENDA



## EL LIBRO DE LOS CULOS

EVA MANZANO  
Y EMILIO URBERUAGA

978-84-19697-19-5

16,90 €

Infantil

los colores? ¿Quieres saber cuál es el culo más bonito del reino animal? ¿Habías oído hablar de los culos motorizados? Si quieres saber las respuestas a estas preguntas y a muchas más no dudes en leer este libro! Un precioso y divertido álbum ilustrado para leer en familia, hay curiosidades tanto para pequeños como para mayores. El preferido por nuestros peques del cuentacuentos de este mes.

No conocemos bien a los culos. Claro, siempre los llevamos tapados... Pero a pesar de que todos se parecen, también son muy diferentes entre sí. ¿Sabías en qué periodo nació el culo? ¿Sabías que el culo nos hizo más inteligentes? ¿Sabes por qué tenemos el culo grande? ¿Sabes que hay culos de casi todos

Trenza es una joven que vive en una pequeña isla en el peligroso y verde mar Esmeralda. Colecciona tazas que traen marineros que regresan de tierras lejanas y mantiene una tierna amistad con Charlie, el hijo del duque. Tras el secuestro de Charlie, Trenza decide dejar su vida tranquila en la isla y emprender un viaje para recuperarlo, deberá enfrentarse a las letales esporas sobre las que navega su barco, a la malvada capitana y a la hechicera que habita en el mortífero mar de medianoche. Está mal juzgar un libro por su portada pero en este caso el exterior del libro es una joya, la edición es una preciosidad a juego con su interior. Lo que más me gustó del libro son sus personajes, todos ellos entrañables y caracter. Trenza es de esas protagonistas que enamoran, que consiguen evolucionar a lo largo del libro y que son inspiradoras, la Trenza del principio y la del final no tienen nada que ver. Es uno de los libros más sencillos de Brandon Sanderson y para los que hayan seguido su trayectoria literaria, se sorprenderán al descubrir quien narra esta historia.


## TRENZA DEL MAR ESMERALDA

BRANDON SANDERSON

978-84-18037-81-8

26,90 €

Juvenil



## LA MALNACIDA

BEATRICE SALVIONI

978-84-264-1812-8

19,90 €

Novela histórica

Beatrice Salvioni debuta en el mundo literario con esta novela histórica, ambientada en la Italia fascista de Mussolini en 1936. Las clases sociales e ideologías enfrentaban familias, pero esto no ocurrió con Maddalena y Francesca. Maddalena es de origen humilde, con una familia trabajadora y antifascista, la apodaron «la malnacida» por sus supuestos «poderes oscuros», creencia que después pasará factura. Francesca pertenece a una familia adinerada, fascista y bien reconocida. A pesar de esto, se une al grupo de amigos de Maddalena en contra de su propia familia e irán aprendiendo mucho la una de la otra y su amistad será puesta a prueba por la guerra y el fascismo. Se encontrarán en la situación de tener que decidir si luchar en contra de la opresión social o dejar que la historia siga su curso y las separe para siempre. Una historia feminista, de amistad y que lucha contra el clasismo que fue vendida a más de 30 editoriales antes incluso de su publicación.

Beatrice Salvioni debuta en el mundo literario con esta novela histórica, ambientada en la Italia fascista de Mussolini en 1936. Las clases sociales e ideologías enfrentaban familias, pero esto no ocurrió con Maddalena y Francesca. Maddalena es de origen humilde, con una familia trabajadora y antifascista, la apodaron «la malnacida» por sus supuestos «poderes oscuros», creencia que después pasará factura. Francesca pertenece a una familia adinerada, fascista y bien reconocida. A pesar de esto, se une al grupo de amigos de Maddalena en contra de su propia familia e irán aprendiendo mucho la una de la otra y su amistad será puesta a prueba por la guerra y el fascismo. Se encontrarán en la situación de tener que decidir si luchar en contra de la opresión social o dejar que la historia siga su curso y las separe para siempre. Una historia feminista, de amistad y que lucha contra el clasismo que fue vendida a más de 30 editoriales antes incluso de su publicación.



Grupo de gobierno da República de Bululú:  
Presidencia Pablo Zaera  
Directora Xeral Luisa Ortigosa  
Governadora da comarca de Librería Ana Bergantiños  
Governador da comarca de Editoría Xosé Duncan

Responsable de Deseño e Propaganda Begoña Martín Lara  
Ilustración de portada Jake A. Minton para *Diarios Zombi: Vacapocalipse*

Rúa Real, 9 (A Coruña) / [info@editorialbululu.com](mailto:info@editorialbululu.com)